

PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA, SOCIEDADE ANÓNIMA

Por acordo do Consello de Administración da Sociedade, convócase Xunta Xeral Ordinaria de Accionistas, no domicilio social de San Cibrao das Viñas (Ourense), Parque Tecnolóxico de Galicia, en primeira convocatoria o próximo día 12 de xuño de 2023 ás nove trinta horas (9.30 horas), e en segunda convocatoria, á mesma hora e lugar, **o día 13 de xuño de 2023**, co obxecto de deliberar e resolver sobre os seguintes asuntos:

ORDE DO DÍA

Primeiro.- Aprobación, se procede, da xestión social realizada polo Consello de Administración durante o exercicio 2022.

Segundo.- Exame e aprobación, no seu caso, das contas anuais correspondentes ao exercicio do 2022.

Terceiro.- Aplicación do resultado obtido no exercicio do 2022.

Cuarto.- Exame e aprobación, no seu caso, do nomeamento de auditor de contas da Sociedade para os exercicios 2023, 2024 e 2025.

Quinto.- Aprobación, se procede, da permuta de terreos con Xestur segundo o establecido no protocolo de actuacións asinado para o desenvolvemento da área industrial do plan parcial SUR I2, I3 e I4 de San Cibrao das Viñas.

Sexto.- Reelección, se procede, do nomeamento de conselleiros do Consello de Administración cuxo prazo está próximo a vencer e polo prazo estatutario.

Sétimo.- Autorización ós membros do Consello de Administración para que poidan adicarse, por conta propia ou allea, ao mesmo, análogo ou complementario xénero de actividade que constitúe o obxecto social da Sociedade, se procede.

Oitavo.- Concesión de facultades para elevar a públicos os acordos que se tomen.

Noveno.- Rogos e preguntas.

Décimo.- Redacción e aprobación, se é o caso, da Acta da Xunta e/ou designación de interventores para a súa aprobación.

Faise constar expresamente o dereito dos accionistas da Sociedade, de conformidade co establecido no artigo 272 da Lei de Sociedades de Capital, de examinar no domicilio social os documentos sometidos á aprobación da Xunta. Os accionistas terán dereito á entrega ou envío gratuito de tódolos documentos mencionados.

Igualmente, comunicase ós señores accionistas, en virtude do previsto no artigo 197 da Lei de Sociedades de Capital, o dereito que lles asiste a solicitar con anterioridade á celebración da Xunta, os informes e aclaracións que estimen precisos sobre os asuntos comprendidos na Orde do día ou formular por escrito as preguntas que estimen pertinentes ata o sétimo día anterior o previsto para a celebración da Xunta.

Finalmente, infórmase aos señores accionistas que, por experiencia de ocasións anteriores, a Xunta celebrárase probablemente en segunda convocatoria.

En San Cibrao das Viñas (Ourense), a 9 de maio de 2023.

A Vicepresidenta do Consello de Administración, D^a. Patricia Argerey Vilar, Representante persoa física de Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Patricia Argerey Vilar,
en representación de
Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.
(NIF A32150088)

Fecha:
2023.05.09
08:36:33 +02'00'